




INSTRUCCIÓNS PARA OBTENIR AS FOLLAS FÍSICAS DE RECLAMACIÓN OFICIAIS EN MATERIA DE CONSUMO

Para obter as follas de reclamación oficiais en materia de consumo, a persoa interesada debe ingresar o importe da taxa correspondente. Para isto, ten que acceder á seguinte dirección web:

<https://ovt.atriga.gal/#!/categoria/?Cidad%c3%a1ns/11609730/4127328>



Dentro do apartado de Pago de taxas e prezos, pulsar Iniciar Taxa. Ao pulsar Iniciar taxa escoller a opción que máis se axuste a súa situación: acceso libre ao servizo, acceso con certificado ou acceso con Chave 365.

Na seguinte pantalla, escoller de novo Iniciar Taxa e seleccionar estas opcións a cumprimentar:

363500 – VENDA DE FOLLAS DE RECLAMACIÓN

17 – EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

10 – INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO E DA COMPETENCIA

XX – ESCOLLER PROVINCIA

Datos de pago. A ingresar: 0,15€ por cada unha das follas de reclamación solicitadas. Unha vez aboadas as taxas pode achegarse á oficina do Instituto Galego do Consumo e da Competencia da Xunta de Galicia que teña máis próxima para recoller as súas follas físicas de reclamación.

Tamén poderá facer o pago das taxas de maneira presencial recollendo o impreso na dita oficina e realizando o aboamento na entidade bancaria.